

MATRÍCULA 2022-2023

PRAZO DO 21 DE XUÑO AO 7 DE XULLO DE 2022

PARA FACER A MATRÍCULA (solicitudes admitidas na listaxe de preinscricións).

1. USUARIOS/AS CON ACCESO A INTERNET

1.a: Acceder á páxina www.conciliames.gal coa clave de usuario e contrasinal poderá consultar os datos existentes no departamento de educación, acceder á solicitude de preinscrición, premer no cadro MATRICULAR e cubrir o formulario. No caso de non ter as citadas claves poderá solicitarlas desde a mesma páxina.

1.b: Liquidar as taxas da matrícula: Solicitar á Recadación Municipal, no enderezo electrónico ames@canaltributos.com, a autoliquidación de taxas para o(s) servizo(s) que vaia matricular (12,00 euros por servizo e neno/a).

É condición indispensable o pago das taxas para facer efectiva a matrícula..

1.c: Imprimir, asinar e presentar a solicitude de matrícula en rexistro xunto coa documentación indicada (no caso de presentarse polo rexistro telemático será necesario facer unha impresión pdf, asinala dixitalmente e presentala a través de dito rexistro):

Sexa cal sexa a opción elixida das que se ofrecen a continuación, para presentar en rexistro a matrícula, só se poden presentar copias auténticas da documentación requirida (ou necesaria).

Documentación a presentar que non conste no departamento de educación ou non esté debidamente actualizada:

- Libro de familia. No caso de ruptura da unidade familiar, documentación onde se recollan as medidas de garda, custodia e alimentos.
- Documento de identidade vixente do titular da conta bancaria indicada para a domiciliación dos recibos.
- Tarxeta sanitaria do/a neno/a
- Fotografía tamaño carné do neno/a (pegar na última folla da matrícula)
- No caso de alerxias, intolerancias ou necesidades específicas de apoio, deberase achegar o informe médico que o acredite.

Opción 1: Rexistro telemático a través da sede electrónica do concello (<https://sede.concellodeames.gal/es/>)

A solicitude deberá vir asinada electronicamente polos dous proxenitores do usuario/a do servizo, salvo que se ostente a custodia en solitario en cuxo caso só asinará ca súa sinatura electrónica o/a proxenitor/a custodio/a.

A documentación que se achegue ca solicitude e que o Regulamento estableza que teña que ser un orixinal ou copia auténtica, antes da súa presentación polo rexistro telemático, deberase conseguir unha copia auténtica de dito documento.

Opción 2: Oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames:

Deberá presentarse unha copia auténtica da solicitude que deberá estar asinada polos dous proxenitores do usuario/a do servizo salvo que se ostente a custodia en solitario, en cuxo caso só asinará o/a proxenitor/a custodio/a.

As oficinas de asistencia en materia de rexistro do Concello de Ames están localizadas na casa do Concello en Bertamiráns e nas oficinas municipais do Concello en Milladoiro. Para acudir a ditas oficinas, solicitarase cita previa a través da sede electrónica do Concello de Ames.

Opción 3: Calquera outro rexistro ao que se refira o artigo 16 da Lei 39/2015 do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das AAPP.

2. USUARIOS/AS QUE NON DISPOÑAN DE ACCESO A INTERNET

Poderán realizar os trámites **1-a** e **1-b** do apartado anterior no Departamento de Educación, situado no Pazo da Peregrina, ou no Milladoiro, para o que deberán solicitar unha cita no teléfono **981 891 476**.

No día e hora asignado para a cita, será necesario indicar o IBAN, o BIC, e os datos do/a titular da conta, para a domiciliación dos recibos coa finalidade de cubrir o impreso.

Aquelas persoas que desexen solicitar a **bonificación de taxas** para o curso 2022-2023, terán que presentar a solicitude cando formalicen a matrícula, e entregar a documentación que se requira segundo o caso. Poderá consultar a documentación necesaria nas páxinas web sinaladas anteriormente.

Para que a matrícula sexa efectiva é condición indispensable estar ao día no pagamento dos servizos do Concello de Ames, e en xeral non ter débedas co Concello.

MÁIS INFORMACIÓN NO DEPARTAMENTO DE EDUCACIÓN (PAZO DA PEREGRINA). TELF. 981.891.476 ou no correo electrónico educacion@concellodeames.gal

IMPORTANTE: NON MATRICULAR EN PRAZO SUPORÁ A PERDA DA PRAZA.